

NANOMATERIAIS NA CONSTRUCCIÓN

Son técnica/o de PRL, Que debo facer?

Moitos materiais de construción conteñen nanomateriais. Aínda que moitos son inocuos, outros poden ser tóxicos ou mesmo canceríxenos.

Asúmese que as substancias a tamaño nano son máis reactivas e presentan distinta toxicidade que a tamaño macro.

O persoal traballador pode estar exposto a nanomateriais en actividades que xeran po, como a mestura de cemento, o corte de materiais cerámicos, pedras artificiais, madeiras tratadas ou en demolicións.

Estes nanomateriais ao ser inhalados poden penetrar nos pulmóns dos traballadores.

A inhalación é a ruta de exposición principal.

Por que a guía da OMS recomenda adoptar o principio de precaución?

A guía da OMS, de protección ás persoas traballadoras dos riscos potenciais no traballo con nanomateriais manufacturados, recomenda adoptar o principio de precaución.

O principio de precaución adóptase cando non hai suficiente certeza para considerar que unha substancia non supón un perigo e ademais hai dúbidas razoables de que podería selo.

En tales casos, a OMS considera que, en ausencia de información toxicolóxica sobre un determinado nanomaterial, as persoas traballadoras non deben ser expostas.

Iso significa que, diante da presenza da devandita substancia, se deben poñer en práctica estritas medidas de control para previr o persoal traballador da exposición.

Só cando a información toxicolóxica estea dispoñible, se pode adoptar unha estratexia de control particular.



1. Identifica os produtos que conteñen nanomateriais

Dispón dun inventario de produtos e materiais na obra de construción e consulta as súas fichas de datos de seguridade. Se non hai, pide consello a persoas expertas.



2. Actualiza o teu coñecemento en toxicidade de nanomateriais

Ten especial precaución:

- Se a mesma substancia a tamaño macro é tóxica.
- Se o nanomaterial é fibroso ou biopersistente.

Segue sempre o principio de precaución e a xerarquía de control da exposición.



3. Identifica onde e como se aplican produtos con nanomateriais

Á hora de avaliar a exposición ten en conta:

- Se o produto se presenta en po, suspensión ou sólido.
- Se o tipo de actividade xera po.

Realiza un rexistro de persoas que traballan con nanomateriais.



4. Avalía o nivel de exposición a nanomateriais

Comproba que medidas de xestión do risco hai na obra.

Se é necesario, engade novas medidas de xestión do risco nano.

Ten presente que a principal vía de entrada do nanomaterial é a vía respiratoria.

